

TEMA 19. A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIÓNS

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que **entende o concepto de desamortización** e, daquela, referirá as **razóns explicativas que a facían necesaria**. Ademais, terá que vincular o **proceso de desamortización** desenvolvido en España no s. XIX coas tendencias liberais que o favorecen e paralizan. Tamén será preciso que afonde nas **etapas fundamentais do devandito proceso**, indicando os seus **obxectivos** así como os **beneficiados** e os **prexudicados** por ese feito. Finalmente, cumprirá que realice un **balance global** dos efectos das desamortizacións nos distintos eidos (político, socioeconómico e cultural).

DESAMORTIZACIÓN E LIBERALISMO

No século XIX tanto o réxime de propiedade da terra como as actividades agrarias transformáronse radicalmente. No **Antigo Réxime**, diversas normas, leis e prácticas cotiáns condicionaban e limitaban a produción agrícola e a propiedade da terra. Por iso, a burguesía liberal consideraba imprescindible realizar unha **reforma agraria** coa finalidade de converter a propiedade da terra nun ben libre, privado, particular e individual. Para facelo era preciso: abolir o réxime señorial, desamortizar as terras eclesiásticas e comunais, desvincular os **morgados**, suprimir as servidumes colectivas e o décimo eclesiástico, e autorizar a liberdade de cultivos, o cerramento dos campos e a libre compravenda das terras.

A medida máis importante relacionada coa transformación da propiedade da terra foi a **desamortización consistente na venda, en poxa pública, dos bens rústicos e urbanos pertencentes ás mans mortas eclesiásticas e dos baldíos e terras de *comúns* e *propios* dos concellos**. O proceso desamortizador foi longo, debido tanto á masa de bens afectados como aos avances e retrocesos provocados polas disputas políticas e ideolóxicas. Neste sentido, cómpre ter en conta que os gobernos liberais progresistas eran firmes partidarios da desamortización, pero eran contrarios os absolutistas e a Igrexa (que consideraba os seus bens como patrimonio de *Xesucristo* e *propiedade sagrada* e inviolable) e foi paralizada polos gobernos liberais moderados.

Dentro deste contexto debemos situar o proceso de desamortización levado adiante polo **Estado liberal** ao longo do s. XIX. Este iníciase nas **Cortes de Cádiz**, terá o seu cumio nas **desamortizacións de Mendizábal** de 1835, **Espartero** 1841 e de **Madoz** de 1855, e continuará ata o período do **Sexenio Revolucionario**.

A **desamortización** considérase unha condición indispensable para establecer unhas relacións económicas e sociais propias do liberalismo económico, pero é, ao mesmo tempo, unha medida a empregar para tentar mitigar os problemas financeiros do Estado. Se ben é certo que a desamortización ten unha consecuencia práctica evidente, que é o achegamento de recursos ao Estado (un Estado en constante déficit e que ten

que afrontar unha débeda herdada e crecente), o principal efecto da desamortización vai ser o cambio respecto ao concepto xurídico da propiedade, ao rematar coa **propiedade amortizada do Antigo Réxime** (non podía ser vendida, repartida, alleada...) e **xeneralizar a propiedade capitalista** (individual, libre, plena e circulante). Este é o aspecto máis significativo da reforma agraria liberal do s. XIX.

- **Mecanismo da desamortización**

O primeiro paso da desamortización consiste en declarar como bens nacionais as propiedades, fincas rústicas e urbanas das institucións extinguidas (clero regular), ou ben terras dos concellos (proprios e comunais). Nun segundo momento, póñense à venda, en poxa pública, previa taxación. A forma de pago pode ser en efectivo ou tamén mediante títulos da débeda, como na de Mendizábal, que aceptaba o valor nominal dos títulos sen ter en conta o seu valor real.

- **Causas das desamortizacións**

As principais causas foron:

Causas xerais:

- **A reforma do réxime de propiedade.** Remátase coas “mans mortas” e convértese a propiedade en individual, libre e plena. Este cambio considerábase imprescindible para a cosolidación do liberalismo económico e para a creación de riqueza.
- **Reducir a enorme débeda acumulada polo Estado.** A terra, debido ao seu crecente valor, considerábase un bo medio para sanear a facenda. A redución da débeda pública sería o paso previo para unha reforma profunda do sistema tributario. A desamortización non conseguiu este obxectivo, pois a débeda se incrementou ao longo do século XIX.
- Desde o punto de vista político e ideolóxico, existía un **desexo de crear unha masa de propietarios que fosen adeptos ao liberalismo.**

Causas específicas:

- **Desamortización de Mendizábal.** Aínda que se aduce como causa a obtención de recursos para o financiamento da guerra civil carlista, a **desmortización de Mendizábal** serviu máis ben como garantía para a obtención de crédito, sobre todo do exterior, necesarios para afrontar de forma urxente a intervención militar. Hai que salientar que a maioría das fincas se pagaban a prazos, a maioría das vendas tardaron en realizarse por trámites legais e ademais as vendas vinculábanse ao pago da débeda.
- **Desamortización de Madoz permite financiar a construción do ferrocarril.**

AS PRINCIPAIS MEDIDAS DESAMORTIZADORAS

Foron os **ilustrados** quen iniciaron a análise e o estudo das medidas que se debían tomar para mellorar a agricultura e modificar o réxime de propiedade da terra. Entre esas medidas, sintetizadas por **Jovellanos** no seu Informe sobre a *Lei Agraria* de 1795, estaban a desvinculación dos morgados e a transformación das terras de mans mortas e comunais en propiedade particular. As súas propostas non se levaron á práctica pero serviron de base para xustificar as medidas que se adoptarán posteriormente.

Foi en 1798 cando, ante as dificultades facendísticas provocadas polas constantes guerras contra Inglaterra, o Goberno levou a cabo o primeiro intento desamortizador, que se coñece como **a desamortización de Godoy**. A medida afectou a unha pequena cantidade de propiedades da Igrexa (bens de casas de Beneficencia e Obras Pías), que recibiu unha porcentaxe do valor das terras vendidas. Uns anos despois, durante a guerra e na zona dominada polos franceses, o rei **Xosé I Bonaparte** ordenou en 1808 a redución dos conventos existentes e en 1809 suprimiu as ordes relixiosas, iniciando a venda dos seus bens e aplicando o recadado na extinción da débeda pública. O seu desenvolvemento foi irregular e o proceso rematou coa guerra.

Foi durante a revolución liberal cando a intención de desamortizar e o proceso de disolución de conventos se converteron en obxectivo político prioritario. As **Cortes de Cádiz** promulgaron en 1813 diversos decretos de desamortización polo que o Estado confiscaba e poñía en venda os bens dos afrancesados, das ordes militares, dos conventos suprimidos (os que tiñan menos de 12 monxes profesos) ou destruídos, xunto con parte do patrimonio da Coroa e dos baldíos e terras dos concellos. Tiña como finalidade facer fronte ao custo da débeda provocada pola guerra contra os franceses. Estas medidas tiveron escasa vixencia debido á rápida restauración do absolutismo en 1814.

Tras o triunfo da revolución de 1820, os liberais volveron recuperar as medidas desamortizadoras sacando á venda os bens da Inquisición e dos conventos suprimidos durante o **Trienio Liberal**, pero quedaron de novo paralizadas en 1823 tras a nova restauración absolutista de **Fernando VII**.

O proceso desamortizador no reinado de Sabela II

Instalados definitivamente os liberais no poder, durante o seu reinado foi cando se realizou a transformación do réxime da propiedade destacando a actuación dos progresistas **Mendizábal**, **Espartero** e **Madoz**. Neste proceso diferéncianse as seguintes fases:

- **1835-1836: Mendizábal** acometeu a **desamortización eclesiástica** mediante dous decretos que afectaron, basicamente, ao clero regular. Polo decreto de outubro 1835 quedaban suprimidos os mosteiros das ordes monacais, con excepción daqueles que prestasen servizos de auxilio social (coidado de enfermos, educación de pobres...). O decreto de febreiro de 1836 declaraba en venda todos os bens raíces das institucións relixiosas suprimidas. Os **obxectivos básicos de Mendizábal** eran:
 - a) Reformar o réxime da propiedade, convertendo en posesión individual e libre os bens inmobiliarios das comunidades relixiosas: **clero regular**.
 - b) Obter recursos para cubrir os gastos do Estado provocados pola guerra carlista.
 - c) Reducir a débeda pública como paso previo para acometer unha profunda reforma do sistema tributario.
 - e) Conseguir amplo apoio social á causa liberal, á vez que se debilitaba economicamente o maior inimigo do liberalismo: a Igrexa.
- **1841:** Durante a rexencia de **Espartero** completouse a desamortización eclesiástica de Mendizábal. Polo decreto de setembro de 1841 foron declarados nacionais os bens do **clero secular** e postos en venda con finalidades facendísticas.

A partir de 1844 os gobernos moderados paralizaron o proceso e alcanzaron un acordo co Vaticano -Concordato de 1851- polo que a Igrexa aceptaba as vendas xa realizadas a cambio de que o Goberno español sostivese economicamente o clero, e se considerase o catolicismo como a relixión oficial do Estado.

- **1855:** Durante o breve período do **Bienio Progresista** foi aprobada a ***Lei xeral de desamortización***, presentada polo ministro de Facenda **Pascual Madoz**. Iniciouse así a **desamortización civil**, pola que se puñan en venda os bens do Estado e dos concellos, e rematouse coa desamortización eclesiástica sacando a venda o que aínda quedaba das propiedades eclesiásticas. Foi a lei que produciu os maiores cambios polo volume de terras que se puxeron en venda, así como polas importantes consecuencias sociais, especialmente negativas para os campesiños

máis pobres. Unha parte importante dos ingresos obtidos polo Estado foron destinados a financiar a construción do ferrocarril.

- Balance xeral da desamortización

A desamortización puxo en venda, aproximadamente, o 25% do territorio de España (o 50% da terra cultivable), cun valor estimado en torno ao 30% do valor total da propiedade inmoble. Os principais compradores foron xentes que dispoñían de recursos económicos: nobreza terratenente, campesiños ricos e burguesía comercial e administrativa. Con estas compras, ademais de aumentar o seu patrimonio, estes grupos incrementaron o seu prestixio social; en moitos casos tamén fixeron bos negocios, grazas ao aumento dos prezos agrarios e inmobiliarios, ante as demandas crecentes da poboación.

No balance global da desamortización temos que:

1. Como medida política foi un éxito: o réxime de propiedade da terra transformouse e consolidouse a propiedade privada e o réxime liberal.
2. Desde o punto de vista socio-económico, as valoracións presentan matices:

a) Uns analistas (seguinto a **Francisco Tomás y Valiente**) lamentan que as medidas desamortizadoras servisen para incrementar os latifundios agrarios (pero sen investir na súa modernización), consideran que foi unha ocasión perdida para conseguir que unha gran parte dos campesiños pobres e xornaleiros puidesen acceder á propiedade da terra.

b) Outros estudosos do tema (como **Josep Fontana**) non comparten esta idea, por canto cren que eses posibles compradores non tiñan capacidade para mercalas por falta de capitais.

c) Tamén se culpa á desamortización de ter contribuído ao atraso da industrialización pola desviación dos recursos financeiros cara á compra de terras, en lugar de investilos nas actividades industriais.

3. As *víctimas* foron a Igrexa, os municipios e os campesiños pobres e xornaleiros, que viron empeorar as súas condicións de vida coa perda dos beneficios da caridade eclesiástica e do aproveitamento das terras e pastos comunais, así como polo endurecemento dos contratos de arrendamento e de traballo. Producíronse tamén

cuantiosas perdas no patrimonio artístico e cultural da Igrexa, debido á exclaustación e ao abandono de conventos e mosteiros.

- A desamortización en Galicia

En **Galicia**, a desamortización tivo unhas características especiais debido ao mantemento do sistema foral e á peculiar organización dos montes comunais. A maioría das terras galegas explotábanse mediante contratos de arrendamento -os **foros**- que recoñecían a existencia, sobre unha mesma parcela de terra, de dereitos diferentes en mans de grupos distintos: os campesiños cultivadores, que pagaban as rendas e non podían ser expulsados da terra (posuían o dominio útil); a nobreza terratenente, os conventos, mosteiros e catedrais, eran os donos e titulares das terras (posuían o dominio eminente) e eran perceptores dunha parte das rendas. A fidalguía local exercía un papel de intermediaria no cobro da maior parte das rendas. Ao mesmo tempo, a maioría dos montes comunais non eran propiedade dos concellos, senón dos veciños das parroquias e aldeas.

Da aplicación das leis desamortizadoras resultou que:

- a)** O que se sacou a poxa pública foron, basicamente, as rendas forais que percibían os conventos, mosteiros e catedrais; é dicir: o que vendeu o Estado foi o dereito a percibir unhas rendas e, nunha mínima proporción, a propiedade plena da terra (dos 55 millóns de reais que alcanzaron as poxas desamortizadoras, case 51 corespondían a rendas forais e 4 a bens de pleno dominio).
- b)** Tivo escasa importancia a desamortización dos propios, debido ao reducido patrimonio dos concellos galegos.
- c)** Non se alterou a organización agraria tradicional procedente do Antigo Réxime, nin se estableceu a propiedade plena da terra en mans dun posuidor individual. Os compradores dos bens desamortizados convertéronse en rendeiros sen posibilidade de intervir no proceso de produción agraria e a explotación permaneceu estancada.
- d)** Tamén se mantiveron os montes comunais en mans dos veciños.
- e)** Os campesiños conservaron os seus dereitos sobre a terra. A partir de finais do século XIX, a perda de valor das rendas forais e a presión dos agricultores fixo que estes lograsen, mediante a redención dos foros, a propiedade da terra, proceso culminado en 1926 (Lei de redención de foros).